Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 22 de novembro de 2019

# 2511-03-OE05 Estatística de execución das medidas xudiciais impostas polos xulgados de menores

# PROXECTO TÉCNICO

## 1. Introdución

Os xulgados de Menores son os órganos competentes para coñecer dos feitos tipificados como delitos no Código Penal ou nas leis penais especiais, cometidos polas persoas maiores de catorce anos e menores de dezaoito.

A execución da maioría das medidas impostas polos devanditos xulgados corresponde á entidade pública de protección e reforma de menores de cada Comunidade Autónoma, baixo o inescusable control do/a Xuíz/a de menores. A estatística de execución de medidas xudiciais obxecto deste proxecto recolle os datos relativos ás medidas que durante o ano lle son remitidas a Xunta de Galicia para a súa execución (medidas notificadas), ás medidas que durante o mesmo período a Xunta de Galicia tivo en execución (medidas en execución), ás pendentes de execución así como as características das persoas menores que estiveron executando medidas.

A estatística proporcionará principalmente información sobre xustiza e seguridade, meta da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021, e de adolescencia, dentro da meta de poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais deste plan.

## 2. Normativa e organización

### 2.1 Normativa internacional

- Declaración de Dereitos do Neno proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 1386 (XIV), de 20 de novembro de 1959.
- Convención de Dereitos do Neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, e ratificada por Instrumento do 30 de novembro de 1990 (BOE nº 313, de 31 de decembro de 1990).
- Regras mínimas uniformes das Nacións Unidas para a administración da xustiza de menores (Regras de Beijing) adoptadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas de 29 de novembro de 1985.
- Directrices das Nacións Unidas para a prevención da delincuencia xuvenil (Directrices de Riad), adoptadas e proclamadas pola Asemblea Xeral na súa resolución 45/112, de 14 de decembro de 1990.
- Regras das Nacións Unidas sobre a protección dos menores privados de liberdade adoptadas pola Asemblea Xeral na súa resolución 45/113, de 14 de decembro de 1990.

- Regras mínimas das Nacións Unidas sobre medidas non privativas de liberdade (Regras de Tokio), adoptadas pola Asemblea Xeral na súa resolución 45/110, de 14 de decembro de 1990.
- Recomendación nº R (87) 20 do Comité de Ministros do Consello de Europa.

### 2.2 Normativa estatal

- Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en adiante LORPM).
- Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuizamento civil, modificada pola Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia
- Lei orgánica 10/1995 de 23 de novembro, do código penal (modificada pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo).

### 2.3 Normativa autonómica

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 427/2001, de 11 de decembro polo que se aproba o texto do Regulamento de funcionamento interno dos centros de reeducación para menores e mozos sometidos a medidas privativas de liberdade (vixente só o título V).
- Orde da Consellería de Familia, Muller e Xuventude do 1 de agosto de 1996, pola que se regulan os contidos mínimos do Regulamento de réxime interior e o proxecto educativo dos centros de atención a menores.

### 2.4 Organización

Á Consellería de Política Social, de acordo co artigo 1 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndenlle entre outras, as competencias en materia de servizos socias, incluíndo as políticas de menores. En concreto, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica leva a cabo a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na LORPM.

O órgano encargado de planificar, xestionar e coordinar a execución é a Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, para o que conta co Servizo de Xustiza Penal

Xuvenil.

Correspóndelle ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil a execución das medidas xudiciais e o estudo, a implantación, o seguimento e a avaliación dos programas, centros e servizos dirixidos aos/ás menores aos cales se aplique a LORPM. No ámbito das súas competencias exercerá os labores de información, asesoramento, difusión, coordinación, execución e elaboración das estatísticas, seguimento, control e avaliación, así como a execución e xustificación das partidas orzamentarias correspondentes.

## 3. Unidades estatísticas

Na estatística referida ás medidas xudiciais impostas a menores temos as seguintes unidades estatísticas: medidas xudiciais impostas, persoas menores ás que se lle impuxeron as medidas, recursos para a execución das medidas, procedementos disciplinarios e faltas, e fugas e non retornos.

**Medidas xudiciais impostas.**

As medidas xudiciais son aquelas sancións impostas aos menores, polo/a xuíz/a competente, de acordo co establecido na LORPM, como consecuencia da comisión dunha infracción penal.

As medidas previstas na LORPM son medidas non represivas senón preventivo-especiais, orientadas cara a efectiva reinserción e o superior interese da persoa menor. Para a elección da medida ou medidas axeitadas deberase atender de modo flexible non só á proba e valoración xurídica dos feitos senón especialmente á idade, as circunstancias familiares e sociais e á personalidade e interese da persoa menor.

O/a xuíz/a poderá impoñer á persoa menor unha ou varias medidas previstas na LORPM con independencia de que se trate de un ou máis feitos delituosos pero en ningún caso se imporá nunha mesma resolución máis dunha medida da mesma clase.

As medidas xudiciais reflectidas nesta estatística son aquelas que, impostas nas correspondentes resolucións xudiciais ditadas polos xulgados de menores, foron notificadas para a súa execución ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

**Persoas menores.**

Segundo a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores a responsabilidade penal esíxese ás persoas maiores de 14 anos e menores de 18 pola comisión de feitos tipificados como delitos no Código Penal ou en leis penais especiais. Non se aplica a/aos menores de 14 anos, para os que se observan outras normas de protección e educación de menores previstas no Código civil e na Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, sobre protección xurídica do menor. Neste caso débese dar conta á entidade pública que teña atribuída a competencia sobre menores na Comunidade Autónoma para que adopte medidas tendentes á reeducación e protección do menor de 14 años que observara unha conduta reprochable penalmente.

As idades indicadas enténdense referidas ao momento da comisión dos feitos, sen que o feito de superar as mesmas antes do comezo da tramitación do procedemento ou durante a tramitación do mesmo teña relevancia a efectos de aplicación da lei, de xeito que no momento de executar a medida en moitos casos xa acadaron a maioría de idade, circunstancia que se agrava no caso de que teñan pendentes de cumprimento varias medidas.

A efectos desta estatística entenderase pois por persoas menores aquelas persoas que foron obxecto da imposición dalgunha medida xudicial por feitos cometidos cando tiñan máis de 14 anos e menos de 18, aínda que no momento de executar a dita medida xa acadaran a maioría de idade.

**Recursos para a execución das medidas**

Neste proxecto enténdese por recursos para a execución das medidas todos aqueles equipamentos que se encargan da execución das medidas (de internamento ou de medio aberto) así como no seu caso as entidades públicas e privadas que colaboran na execución da medida de prestacións en beneficio da comunidade, baixo a supervisión dun educador responsable da medida.

Ademais das medidas impostas polos xulgados e das persoas menores as que lles afectan, o sistema de información creado para a execución, xestión e/ou coordinación das diferentes medidas xudiciais contén outras unidades implicadas que tamén son de interese estatístico, entre elas:

**Fugas e non retornos**

A consellería é informada polos centros das fugas e dos non retornos das persoas que están executando as medidas privativas de liberdade.

Considéranse fugas tanto os casos nos que as persoas menores se evaden dos centros como os casos nos que os menores se escapan durante unha saída efectuada en compañía de persoal autorizado.

Considéranse non retorno aqueles casos nos que o/a menor interno/a non se reincorpora ao centro na data ou na hora indicadas, despois dun permiso ou dunha saída autorizados (sen a compañía de persoal autorizado).

**Procedementos disciplinarios e faltas**

O capítulo IV do RD 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LORPM recolle o réxime disciplinario dos centros. Este réxime disciplinario aplicarase a todos os menores que cumpran medidas de internamento en réxime pechado, aberto ou semiaberto, e terapéuticos, ben en centros propios ou colaboradores, tanto dentro do centro como durante os traslados, conducións ou saídas autorizadas que aqueles realicen. A consellería é informada de todos os procedementos tramitados de acordo con este réxime disciplinario e conducentes á imposición dunha sanción de carácter disciplinario pola comisión de faltas tipificadas no citado regulamento.

As faltas disciplinarias clasifícanse en moi graves, graves e leves, atendendo á violencia desenvolvida polo suxeito, a súa intencionalidade, a importancia do resultado e o número de persoas ofendidas

- Leves.-Son faltas leves as recollidas no artigo 64 do RD 1774/2004, de 30 de xullo.
- Graves.-Son faltas graves as tipificadas como tales no artigo 63 do RD 1774/2004, do 30 de xullo.
- Moi graves.-Son faltas moi graves as tipificadas como tales no artigo 62 do RD 1774/2004, do 30 de xullo.

## 4. Variables

### 4.1 En relación coas medidas xudiciais impostas

Moitas das variables referidas ás medidas recóllense na sentenza ou no auto do xulgado de menores no que se impón a medida e son introducidas na base de datos no momento que son notificadas. É o caso da tipoloxía, natureza, carácter, duración ou infracción penal que orixina a medida. Outras características da medida son recollidas no proceso de execución por exemplo o seu estado, a data de comezo de execución da medida, etc.

- ***<u>Tipoloxía da medida</u>***

Segundo a LORPM as medidas que se poden impoñer son:

- Internamento en réxime pechado. Esta medida pretende a adquisición por parte da persoa menor de suficientes recursos de competencia social para permitir un comportamento responsable na comunidade mediante unha xestión de control nun ambiente restritivo e progresivamente autónomo. As persoas sometidas a esta medida residirán no centro e desenvolverán no mesmo as actividades formativas, educativas, laborais e de ocio.
- Internamento en réxime semiaberto. As persoas menores sometidas a esta medida residirán no centro, pero poderán realizar fóra del algunha das actividades formativas, educativas, laborais e de ocio establecidas no programa individualizado de execución da medida. A realización de actividades fóra do centro queda condicionada á súa evolución e o cumprimento dos obxectivos previstos na medida, podendo o/a xuíz/a de menores suspendelas por tempo determinado, acordando que todas as actividades se leven a cabo dentro do centro.
- Internamento en réxime aberto. Implica que o/a menor levará a cabo todas as actividades do proxecto educativo nos servizos normalizados do entorno, residindo no centro como domicilio habitual, con suxeición ao programa e réxime interno do mesmo.
- Internamento terapéutico en réxime pechado, semiaberto e aberto. A medida de internamento terapéutico se prevé para aqueles casos nos que as persoas menores, ben por razón da súa adicción ao alcol ou a outras drogas, ben por disfuncións significativas no seu psiquismo, precisan dun contexto estruturado no que poder

realizar unha programación terapéutica.

- Permanencia de fin de semana[1] (a cumprir en centro ou no seu domicilio). As persoas menores sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ou nun centro ata un máximo de 36 horas entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo, a excepción, do tempo que deban dedicar ás tarefas socio-educativas asignadas polo/a xuíz/a, que deban levarse a cabo fóra do lugar de permanencia.
- Tratamento ambulatorio. As persoas menores sometidas a esta medida deben asistir ao centro designado coa periodicidade requirida polos facultativos que as atendan, e seguir as pautas fixadas para o adecuado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adicción ao consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que padezan.
- Asistencia a centro de día. As persoas menores sometidas a esta medida residirán no seu domicilio habitual e acudirán a un centro, plenamente integrado na comunidade, a realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais e de ocio.
- Liberdade vixiada (2º período dun internamento). Todas as medidas de internamento constan de 2 períodos: un, de internamento propiamente dito; outro, de liberdade vixiada. Este período de liberdade vixiada denomínase liberdade vixiada (2º período dun internamento). A súa duración se fixa na sentenza, sendo de execución preferente (executase antes que outras medidas) fronte á medida de liberdade vixiada que non deriva do internamento.
- Liberdade vixiada. Nesta medida lévase a cabo un seguimento da actividade da persoa menor sometida, da súa asistencia á escola, centro de formación profesional ou ao lugar de traballo, segundo os casos, procurando axudar a aquela a superar os factores que determinaron a infracción cometida. Así mesmo esta medida obriga, no seu caso, a seguir as pautas socio-educativas que sinale a entidade pública ou o profesional encargado do seu seguimento, de acordo co programa de intervención elaborado ao efecto, e aprobado polo/a Xuíz/a de Menores. A persoa sometida á medida tamén queda obrigada a manter con dito profesional as entrevistas establecidas no programa e a cumprir, no seu caso, as regras de conduta impostas polo/a Xuíz/a, que poderán ser algunha das seguintes:
  - Obriga de asistir con regularidade ao centro docente correspondente, se o /a menor está en idade de escolarización obrigatoria, e acreditar ante o/a xuíz/a dita asistencia regular ou xustificar no seu caso as ausencias, cantas veces fora requirido para iso.
  - Obriga de someterse a programas de tipo formativo, cultural, educativo,

1 Como se indicará máis adiante neste proxecto técnico, malia a tratarse ambas as dúas de medidas privativas de liberdade, as medidas de permanencia de fin de semana en centro computaranse como medidas de internamento e as medidas de permanencia de fin de semana en domicilio computaranse como medidas de medio aberto. Isto se debe a que a execución das primeiras realízanse en centros de internamento mentres que o control e supervisión das segundas lévase a cabo cos recursos de medio aberto.

profesional, laboral, de educación sexual, de educación viaria e outros similares.

- Prohibición de acudir a determinados lugares, establecementos ou espectáculos.
- Prohibición de ausentarse do lugar de residencia sen autorización xudicial.
- Obrigación de residir nun lugar determinado.
- Obriga de comparecer persoalmente ante o Xulgado de Menores ou profesional que se designe, para informar das actividade realizadas e xustificalas.
- Calquera outras obrigas que o/a Xuíz, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal, estime convenientes para a reinserción social do/a sentenciado/a, sempre que non atenten contra a súa dignidade como persoa. Se algunha destas obrigas implicase a imposibilidade do menor de continuar convivindo cos seus pais, titores ou gardadores, o Ministerio Fiscal deberá remitir testemuña dos particulares á entidade pública de protección do menor, e dita entidade deberá promover as medidas de protección axeitadas ás circunstancias de aquel.

- Prohibición de aproximarse ou comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou xuíza. Esta medida impedirá ao/á menor achegarse a eles, en calquera lugar onde se atopen, así como ao seu domicilio, ao centro docente, aos lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por eles. A prohibición de comunicarse coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o/a xuíz ou Tribunal, impedirá á persoa menor establecer con eles por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual. Se a medida implicase a imposibilidade do/a menor de continuar vivindo cos seus pais, titores ou gardadores, o Ministerio Fiscal deberá remitir testemuña de particulares á entidade pública de protección do menor, e dita entidade, deberá promover as medidas de protección axeitadas ás circunstancias de aquel, conforme ao disposto na lei orgánica 1/1996.
- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. A persoa menor sometida a esta medida debe convivir, durante o tempo establecido polo/a xuíz/a, con outra persoa, cunha familia distinta a súa ou cun grupo educativo, axeitadamente seleccionados para orientar a aquela no seu proceso de socialización.
- Prestacións en beneficio da comunidade (PBC). A persoa menor sometida a esta medida, que non poderá impoñerse sen o seu consentimento, deberá realizar as actividades non retribuídas que se lle indiquen, de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade.
- Realización de tarefas socioeducativas. A persoa menor sometida a esta medida debe realizar, sen internamento nin liberdade vixiada, actividades específicas de contido educativo encamiñadas a facilitarlle o desenvolvemento da súa competencia social
- Amoestación. Esta medida consiste na reprensión da persoa levada a cabo polo/a Xuíz/a de Menores e dirixida a facerlle comprender a gravidade dos feitos cometidos e as consecuencias que os mesmos tiveron ou poderían haber tido, instándolle a non volver a cometer tales feitos no futuro.

- Privación de permiso de conducir ciclomotores e vehículos a motor, ou do dereito a obtelo, ou de licencias administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas. Esta medida poderá impoñerse como accesoria cando o delito se cometera utilizando un ciclomotor ou un vehículo a motor, ou un arma, respectivamente.
- Inhabilitación absoluta. Esta medida produce a privación definitiva de todos os honores, empregos e cargos públicos sobre o que recaera, aínda que sexan electivos; así como a incapacidade para obter estes ou outros honores, cargos ou empregos públicos e a de ser elixido para cargo público, durante o tempo da medida.

- ***<u>Natureza das medidas (privativas ou non privativas de liberdade)</u>***

- Privativas de liberdade (ou de internamento)
  - Internamento cautelar en réxime pechado
  - Internamento cautelar en réxime semiaberto
  - Internamento cautelar en réxime aberto
  - Internamento cautelar terapéutico en réxime pechado
  - Internamento cautelar terapéutico en réxime semiaberto
  - Internamento cautelar terapéutico en réxime aberto
  - Internamento en réxime pechado
  - Internamento en réxime semiaberto
  - Internamento en réxime aberto
  - Internamento terapéutico en réxime pechado
  - Internamento terapéutico en réxime semiaberto
  - Internamento terapéutico en réxime aberto
  - Permanencia de fin de semana en centro
- Non privativas de liberdade (ou de medio aberto) (MA)
  - Liberdade vixiada cautelar
  - Prohibición cautelar de aproximarse ou comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou xuíza
  - Convivencia con outra persoa familia ou grupo educativo, cautelar
  - Tratamento ambulatorio
  - Asistencia a centro de día
  - Permanencia de fin de semana en domicilio
  - Liberdade vixiada (2º período dun internamento)
  - Liberdade vixiada
  - Prohibición de aproximarse ou comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou xuíza
  - Convivencia con outra persoa familia ou grupo educativo
  - Prestacións en beneficio da comunidade (PBC)
  - Realización de tarefas socioeducativas
  - Amoestación

- Privación de permiso de conducir ciclomotores e vehículos a motor, ou do dereito a obtelo, ou de licencias administrativas para caza ou para uso particular de calquera tipo de armas
- Inhabilitación absoluta

- ***Carácter das medidas** (**firmes ou cautelares**)*

As medidas segundo o seu grao de firmeza poden ser:

- **Cautelares** (as adoptadas polo/a xuíz/a competente, a instancia do ministerio fiscal, para a custodia e defensa do/a menor expedientado/a ou para a debida protección da vítima, cando existan indicios racionais da comisión dun delito ou risco de eludir ou obstruír a acción da xustiza por parte do menor ou de atentar contra os bens xurídicos da vítima).

Segundo a LORPM as medidas que, con este carácter, se poden impoñer son:

- Internamento cautelar en réxime pechado
- Internamento cautelar en réxime semiaberto
- Internamento cautelar en réxime aberto
- Internamento cautelar terapéutico en réxime pechado
- Internamento cautelar terapéutico en réxime semiaberto
- Internamento cautelar terapéutico en réxime aberto
- Liberdade vixiada cautelar
- Prohibición cautelar de aproximarse ou comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou xuíza
- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, cautelar

- **Firmes** (as adoptadas polos Xuíces e Xuízas de Menores en sentenza firme)

As medidas que con este carácter se poden impoñer son todas as recollidas na LORPM e xa indicadas no apartado anterior no que se indican as medidas segundo a tipoloxía.

- ***Xulgado responsable da execución das medidas***

Esta variable fai referencia ao xulgado de menores responsable de velar pola execución da medida (con independencia de que fose ou non quen a impuxera).

Os valores que toma esta variable son todos os xulgados de Menores de España e pódense agrupar en:

- Xulgados de Menores de Galicia
  - A Coruña
  - Lugo
  - Ourense
  - Pontevedra
- Outros xulgados

- O resto de xulgados de Menores de España

- ***<u>Xulgado de procedencia</u>***

Esta variable fai referencia ao xulgado de menores que dita a sentenza ou auto na que se impón a medida e que remite á consellería para a súa execución. Os valores que toma esta variable son todos os xulgados de menores de España e pódense agrupar en:

- Xulgados de Menores de Galicia
  - A Coruña
  - Lugo
  - Ourense
  - Pontevedra
- Outros xulgados
  - O resto de xulgados de Menores de España

- ***<u>Provincia de xestión das medidas</u>***

Fai referencia a provincia na que se atopa a xefatura territorial encargada do seguimento ou execución da medida:

- A Coruña.
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra (A Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en Vigo é a responsable da execución das medidas dos menores residentes en Pontevedra).

Por regra xeral, a provincia de xestión é a correspondente á residencia da persoa menor. Sen embargo, nas medidas non privativas de liberdade, cando circunstancialmente o menor habite noutra provincia distinta daquela na que ten a súa residencia, a provincia de xestión será a correspondente ao seu domicilio temporal. Neste proxecto enténdese por residencia o concello onde se atopa empadroado.

- ***<u>Infraccións penais que deron lugar á medidas notificadas</u>***

As infraccións que deron lugar á medida notificada son as referidas <u>á tipoloxía de delitos</u> tipificados no Código penal e recollidos, máis adiante, no anexo I deste documento.

- ***<u>Data de comisión da infracción penal e idade da persoa menor</u>***

Recollese a data na que ocorreron os feitos que deron lugar á imposición da medida. A partir da data de comisión e da data de nacemento da persoa menor obtense a idade coa que se cometeu a infracción penal que deu lugar á medida imposta.

- ***<u>Recursos para a execución das medidas</u>***

De cada recurso (unidade) recóllese, entre outras variables, a localización física e o número de

prazas dispoñibles; isto permite á consellería, no caso das medidas de internamento, facer a designación do centro, seleccionando de entre os que teñen prazas libres o máis próximo ao domicilio (en aplicación do disposto na regra 1ª do apartado 1 do artigo 10 do Regulamento da L. O. 5/2000 aprobado polo R. D. 1774/2004).

Estes recursos clasifícanse en:

Recursos de internamento.

Recursos de medio aberto.

- **Equipos de xestión de medidas xudiciais das xefaturas territoriais** (equipos de medio aberto, EMA). Para a xestión da execución e coordinación das medidas de medio aberto e para levar a cabo determinadas labores de xestión das medidas de internamento a Comunidade Autónoma conta, en cada xefatura territorial, con un EMA. A execución propiamente dita das medidas é levada a cabo por entidades alleas que colaboran na execución (CIEMA) baixo o seguimento dos EMA. Dos catro EMA existentes, só o EMA da provincia de Pontevedra, con sede na xefatura territorial de Vigo, leva a cabo tamén execución propiamente dita das medidas.
- **Centros de Intervención Educativa para a Execución de Medidas Xudiciais en Medio Aberto** (CIEMA). Recurso non residencial encargado da execución das medidas en medio aberto e, no seu caso, das actividades de reparación extraxudicial.
- Entidades privadas que colaboran na execución da medida de prestacións en beneficio da comunidade.
- Concellos adheridos ao protocolo xeral do 09/06/2006 entre a extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a FEGAMP para a colaboración dos concellos na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade.

- ***Duración da medida/s imposta/s.***

A duración da/s medida/s compútase segundo o tipo de medida en horas, días, meses, anos ou fins de semana.

- **Internamentos cautelares e firmes** (agás a medida de permanencia de fin de semana en centro)

Os intervalos de duración para as medidas de internamento cautelar son os seguintes:

- [0-6] meses
- +6 meses

- Non consta[2]

Os intervalos de duración para as medidas de internamento firmes son os seguintes:

- [0-3] meses,
- (3-6] meses,
- (6-12] meses
- (12-24] meses
- +24 meses
- Non consta

- **Permanencias de fin de semana (fs) en centro**

Os intervalos de duración son os seguintes:

- [1-3] fs
- [4-6] fs
- [7-9] fs
- +9 fs.

- **Medidas de medio aberto cautelares** (liberdades vixiadas e convivencias con outra persoa, familia ou grupo educativo)

Os intervalos de duración fixados na operación estatística son os seguintes:

- [0-6] meses,
- +6 meses
- Non consta

- **Medidas de medio aberto firmes**
  - Permanencias de fin de semana en domicilio

Os intervalos de duración fixados na operación estatística son os seguintes:

- [1-3] fs
- [4-6] fs
- [7-9] fs
- +9 fs.

  - Prestacións en beneficio da comunidade

Os intervalos de duración fixados na operación estatística son os seguintes:

2 O intervalo "Non consta" recolle as medidas cuxa duración, por diferentes motivos, está por determinar con exactitude no momento da notificación das mesmas

- [0-25] horas
- (25-50] horas
- (50-75] horas
- (75-100] horas
- (100-200] horas,
- + 200 horas
- Non consta.

➢ Tarefas socioeducativas (computadas en meses )

Os intervalos de duración fixados na operación estatística son os seguintes:

- [0-3] meses,
- (3-6] meses,
- (6-12] meses
- (12-24] meses
- +24 meses
- Non consta

➢ Tarefas socioeducativas (computadas en horas)

Os intervalos de duración fixados na operación estatística son os seguintes:

- [0-25] horas
- (25-50] horas
- (50-75] horas
- (75-100] horas
- (100-200] horas
- + 200 horas
- Non consta.

➢ Outras medidas de medido aberto

Os intervalos de duración para cada unha das restantes medidas de medio aberto (liberdade vixiada 2º período, liberdade vixiada, convivencia con persoa, familia ou grupo educativo, asistencia a centro de día e tratamento ambulatorio) son os seguintes:

- [0-3] meses,
- (3-6] meses,
- (6-12] meses
- (12-24] meses
- +24 meses
- Non consta

- ***Estado no que se atopa a medida***

A medida pode atoparse nos seguintes estados (segundo as diferentes incidencias que poden orixinarse no proceso de execución da medida).

  - Executándose
  - Pendente
  - Interrompida
  - Finalizada
  - Suspendida
  - Sen efecto
  - Incumprida
  - Cumprida en centro penitenciario
  - Arquivada
  - Traslado de execución a outra comunidade autónoma
  - Modificada
  - Refundida
  - A executar por outros organismos

- ***Data de comezo de execución de cada medida e idade ao inicio da execución***

Para a determinación da data de comezo das medidas estarase ao disposto no artigo 10 do Decreto 1774/2004, do 30 de xullo que aproba o Regulamento da LORPM. Esta data, xunto coa data de nacemento da persoa á que se lle impón a medida, permite ao sistema informático calcular a idade da persoa ao inicio da execución da medida

### 4.2 En relación co/as menores

De cada menor afectado/a polas medidas notificadas, recollese:

- ***Sexo***
- ***Data de nacemento***

A partir da data de nacemento o sistema calcula a idade da persoa menor no momento de cometer a infracción e no momento de comezo da execución da medida.

- ***Nacionalidade do/a menor***

Este dato refírese ás persoas menores que estiveron executando medidas.

## 5. Procesamento de datos

As actuacións que se levan a cabo no ámbito de xustiza penal xuvenil, tanto no caso das medidas privativas de liberdade como nas medidas de medio aberto, realízanse a instancia do xulgado de menores competente. Este xulgado remite ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil a sentenza ou auto no que acorda impoñer a medida ao /á menor.

### 5.1 Medidas privativas de liberdade

Tendo en conta o establecido nos artigos 45.1 e 46.3 da LO 5/2000 (LORPM) e na regra 1ª do artigo 10.1 do seu Regulamento (aprobado polo Real Decreto 1774/2004), a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Servizo de Xustiza Penal Xuvenil), cando reciba a sentenza na que se impoña a medida, designará de forma inmediata o centro que considere máis axeitado. A designación do centro para a execución da medida, realizarase entre os máis próximos ao domicilio do/a menor nos que existan prazas dispoñibles segundo o tipo de internamento imposto. Esta designación comunicarase ao xulgado de menores que ditou a resolución ou ao competente para velar pola execución da medida, ao centro designado, ao centro no que se encontre internado/a (no caso de que se atope nun centro e deba ser traslado a outro) e á xefatura territorial onde teña o domicilio a persoa menor.

Requirirase autorización xudicial cando se ingrese ao/á menor nun centro afastado do seu domicilio existindo praza nun máis próximo, cando se propoña o ingreso nun centro socio-sanitario ou cando se ingrese nun centro doutra comunidade autónoma. Nestes casos achegarase ao xulgado a proposta de centro acompañada do informe xustificativo (da Xefatura Territorial correspondente ou da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica).

Cando o/a xuíz competente impoña unha medida de internamento cautelar, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (a través do Servizo de Xustiza Penal Xuvenil) designará de maneira inmediata o centro. De non ser posible facer esta designación inmediata (debido a que a comparecencia na que se adopta a medida cautelar se celebra fóra do horario habitual) o representante da entidade pública presente na comparecencia, logo de contacto telefónico cos centros, indicará que se ingrese ao/á menor, de maneira provisional e ata que se produza a designación formal, no centro máis adecuado para a súa execución de entre os máis próximos ao domicilio do/a menor nos que existan prazas dispoñibles. Porén naqueles casos en que a persoa menor teña o seu domicilio fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e logo de feita unha designación de urxencia na nosa comunidade, desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica faranse as xestións necesarias para o seu traslado a un centro da comunidade autónoma correspondente o seu domicilio.

Así pois, no caso de que se trate dunha medida cautelar procederase ao <u>traslado</u> da persoa menor dende o xulgado ao centro <u>no mesmo momento</u> no que se dite o auto, mentres que se se trata dunha medida imposta en sentencia firme o ingreso será ordenado, máis tarde, polo/a xuíz/a, unha vez feita a correspondente designación do centro.

O equipo educativo do centro debe elaborar o programa individualizado de execución nas medidas de internamento con sentenza firme ou o modelo individualizado de intervención no caso de que a persoa menor se atope ingresado cautelarmente. Estes programas establecen os obxectivos e actividades a desenvolver polo/a menor e serán remitidos ao xulgado de menores que terá que aprobalo, así como á Dirección Xeral de Familia, Infancia e

Dinamización Demográfica e á xefatura territorial onde se atope o domicilio do menor.

No caso das medidas de permanencia fin de semana en centro, ao igual que nas medidas de internamento, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica debe proceder a designar centro. Unha vez designado centro, o/a educador/a-titor/a designado/a citará á persoa menor para levar a cabo o programa individualizado de execución no que se establecen as datas previstas para o seu cumprimento, os días concretos de cada fin de semana nos que se executará e a distribución das horas. Este programa de execución debe ser tamén aprobado polo xulgado de menores e enviado ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil da Dirección Xeral de Familia e Inclusión é a xefatura territorial de referencia.

Os informes devengados ao longo da execución da medida (iniciais, de seguimento, finais ou no seu caso de incidencias) deben ser remitidos polo centro ao xulgado competente así como á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Servizo de Xustiza Penal Xuvenil) e á xefatura territorial correspondente. Así mesmo calquera incidencia que se produza ao longo da medida (fugas, non retornos, incoación de expediente disciplinarios, utilización de medidas de contención, etc) debe ser comunicada de xeito inmediato non só ao xulgado senón tamén á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e á Xefatura territorial correspondente.

Corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a través do Servizo de Xustiza Penal Xuvenil, en coordinación coas xefaturas territoriais, a supervisión e coordinación das medidas de internamento.

### 5.2 Medidas de Medio Aberto

Recibidos a executoria e o testemuño de particulares do xulgado de menores, o Servizo de Xustiza Penal Xuvenil trasladará a sentencia firme ou o auto (no caso das medidas cautelares) á xefatura territorial á que corresponda o domicilio da/do menor para que se proceda ao cumprimento da medida. No caso de que a/o menor estivera cumprindo unha medida privativa de liberdade informarase igualmente a/ao directora/or do centro no que estivera cumprindo a medida de internamento.

Unha vez recibido este expediente, o equipo de xestión de medidas xudiciais das xefaturas territoriais (EMA) designará de forma inmediata (no caso de que se trate dunha medida de liberdade vixiada cautelar ou convivencia cautelar con familia ou grupo educativo) e, en todo caso no prazo máximo de cinco días, unha/un profesional que se responsabilizará da execución da medida imposta. Este profesional seleccionarase de entre os profesionais do CIEMA ou do propio EMA, no caso da Xefatura Territorial de Vigo. O EMA comunicará a dita designación ao xulgado de menores correspondente e proporcionará á/ao profesional designada/o para a execución da medida toda a documentación dispoñible da/do menor, tanto a recibida como aquela que conste no seu expediente.

O EMA citará á/ao menor que virá acompañado/a dos seus pais ou representantes legais para a entrevista co/a profesional designada/o para a execución da medida, como paso previo á

elaboración do programa individualizado de execución da medida (PIEM). A persoa profesional designada para a execución da medida elaborará o dito programa que se lle remitirá á/ao xuíz/a competente, para a súa aprobación. No caso de que o /a menor non acudira á primeira citación volverase a citar e se é preciso se levarán a cabo as xestións oportunas para a súa localización.

No caso de que o/a menor resida noutra comunidade autónoma, a xefatura territorial debe comunicar ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o seu enderezo para que esta solicite á comunidade autónoma correspondente a execución da medida.

Os cambios de domicilio do/a menor deberán ser comunicados ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para que este acorde o traslado da execución á xefatura territorial correspondente ao novo domicilio da/o menor.

Os informes devengados ao longo da execución da medida (iniciais, de seguimento, finais ou no seu caso de incidencias) deben ser remitidos polo EMA, á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Servizo de Xustiza Penal Xuvenil) e ao xulgado de menores. Así mesmo calquera incidencia que se produza ao longo da medida (fugas, non retornos, incoación de expediente disciplinarios, utilización de medidas de contención, etc.) debe ser comunicada de xeito inmediato non só ao xulgado senón tamén á Dirección Xeral de Familia e Inclusión e á xefatura territorial correspondente.

Corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a través do Servizo de Xustiza Penal Xuvenil, en coordinación coas xefaturas territoriais (equipos de xestión de medidas xudiciais) a supervisión e coordinación das medidas de medio aberto que executen os CIEMAS

**Tratamento e procesamento dos datos nas medidas xudiciais**

Para a recollida de datos emprégase a aplicación “Menor”. No anexo II incorpóranse as imaxes desta aplicación.

## 6. Deseño da explotación dos datos do rexistro

A comezos de cada ano, realizarase unha explotación estatística referida ao ano anterior que reflectirá a información referida ás medidas xudiciais e as persoas afectadas.

Con respecto ás medidas xudiciais, esta estatística facilitará información das medidas notificadas, das medidas en execución e das medidas pendentes.

As medidas notificadas son aquelas que, impostas nas correspondentes resolucións xudiciais ditadas polos xulgados de menores, foron remitidas para a súa execución ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil durante o ano obxecto do estudo estatístico.

As medidas en execución son aquelas que, impostas nas correspondentes resolucións

xudiciais ditadas polos xulgados de menores, foron remitidas para a súa execución ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil (no ano obxecto do estudo ou en anos anteriores) e estiveron en execución durante o ano obxecto de estudo estatístico. Así pois, inclúense tanto as que estiveron en execución e remataron como aquelas que estiveron en execución pero a finais de ano aínda non se remataron.

As medidas pendentes son aquelas que, impostas nas correspondentes resolucións xudiciais ditadas polos xulgados de menores, foron remitidas para a súa execución, ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil (no ano obxecto do estudo ou en anos anteriores) e, ao remate do ano obxecto da estatística aínda non teñen iniciada a execución.

Esta pendencia ven determinada polas seguintes circunstancias:

a) Imposibilidade de localizar á/ao menor.
b) Ingreso nun centro penitenciario no caso de que o/a menor alcanzase a maioría de idade con anterioridade ao inicio da execución da medida e a comisión dun ilícito penal determinase o seu ingreso en prisión.
c) Existencia de varias medidas notificadas impostas ao/á mesmo/a menor e a necesidade de executar as mesmas de acordo coa orde de prelación establecida na norma, en función da natureza da medida e a restrición de dereitos que a mesma supón, así como a imposibilidade de execución simultánea das medidas privativas de liberdade xunto coas medidas non privativas de liberdade.

En canto ás persoas menores afectadas polas medidas impostas, na estatística facilitarase información de:

Persoas menores afectadas polas medidas xudiciais notificadas. Son aquelas persoas afectadas polas medidas remitidas para a súa execución ao Servizo de Xustiza Penal Xuvenil durante o ano obxecto do estudo estatístico, é dicir as persoas con polo menos unha medida notificada no ano obxecto de estudo. O sistema informático contabiliza ao menor unha soa vez con independencia das medidas notificadas ao longo do ano.

Persoas menores que estiveron executando medidas. Son aquelas persoas que estiveron executando medidas durante o ano que se estuda, con independencia que a medida fora notificada en anos anteriores. O sistema informático contabiliza ao menor unha sola vez con independencia das medidas en execución ao longo do ano.

### 6.1 Medidas notificadas e persoas menores afectadas por esas medidas

#### 6.1.1 Medidas notificadas e persoas menores afectadas segundo o xulgado de procedencia

Recollerá o número de medidas que, estando incluídas nas correspondentes resolucións xudiciais, foron remitidas para a súa execución á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica durante o ano obxecto do estudo estatístico e o número de persoas menores afectadas por estas. Estarán agrupadas segundo o xulgado de procedencia (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, outros), indicando tamén o total de medidas e persoas en todos os

xulgados. En relación con cada xulgado indicarase tanto o número (de medidas e persoas) como o porcentaxe que estas representan respecto do total de xulgados.

Poden existir persoas menores afectadas por medidas de diferentes xulgados.

6.1.2 Cadro comparativo de medidas notificadas durante os últimos cinco anos

En relación con cada ano recollerase tanto o número de medidas notificadas ese ano como a porcentaxe de incremento/decaemento que se produciu en relación coas medidas notificadas o ano anterior.

6.1.3 Porcentaxe da poboación galega (maior de 14 anos e menor de 18) afectada polas medidas notificadas por sexo e xulgado de procedencia/provincia

Indicarase o número de persoas menores afectadas polas medidas notificadas segundo a provincia do xulgado de procedencia e a porcentaxe que representan sobre as persoas de esa idade en cada provincia. A porcentaxe obterase como o cociente das persoas afectadas polas medidas notificadas por cada xulgado entre as persoas residentes en cada provincia (obtida das cifras de poboación do Padrón municipal de habitantes facilitadas polo INE a 1 de xaneiro de cada ano). Esta táboa facilitarase para o total de menores, e para homes e mulleres.

6.1.4 Número de persoas menores afectadas por medidas notificadas e cadro comparativo dos últimos cinco anos

Indicarase tanto o número de persoas como o número de persoas menores afectadas polas medidas notificadas en cada ano por sexo como a porcentaxe que ese número representa en relación coa poboación de 14 e máis anos e menor de 18 tamén por sexo.

6.1.5 Porcentaxe de incremento ou decaemento do número de persoas menores ás que se lle impuxeron as medidas notificadas durante os últimos cinco anos

Indicarase incremento ou decaemento que, en relación co ano anterior, se ven producindo durante os últimos cinco anos no número de persoas menores aos que se lle impuxeron as medidas notificadas.

6.1.6 Persoas menores dadas de alta por primeira vez no sistema informático MENOR versus o número total de menores afectados por resolucións xudiciais: cadro comparativo dos últimos cinco anos (información desagregada por sexo).

Indicarase, desagregado por sexo, para cada un dos últimos cinco anos, o número total de persoas menores afectadas por resolucións xudiciais e o número de persoas menores dadas de alta por primeira vez na aplicación informática. Indicarase, ademais, en cada un dos anos, a porcentaxe que os segundos supoñen en relación aos primeiros.

6.1.7 Medidas notificadas segundo o grao de privación de liberdade (medidas de internamento ou medidas de medio aberto) e xulgado de procedencia

6.1.8 Cadro comparativo das medidas notificadas, segundo o grao de privación de liberdade (medidas de internamento ou medidas de medio aberto) durante os últimos cinco anos

6.1.9 Incremento ou decaemento das medidas de internamento e medio aberto notificadas durante os últimos cinco anos

Indicarase incremento ou decaemento que se produciu cada ano tanto das medidas de internamento como das medidas de medio aberto notificadas. Dito incremento/decaemento expresarase en porcentaxe con respecto ao ano anterior. Tamén se recollerá para cada ano o porcentaxe de incremento/decaemento do total das medidas notificadas.

6.1.10 Medidas de internamento notificadas segundo o tipo de medida, carácter (cautelar ou firme) e o xulgado de procedencia

Recollerá o número de medidas de internamento notificadas segundo o xulgado de procedencia (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e outros) desagregadas segundo o tipo de medida e a súa natureza. Xunto cos totais de medidas de internamento en cada xulgado indicarase a porcentaxe que esa cantidade supón en relación co total de xulgados.

6.1.11 Medidas de internamento notificadas, segundo o tipo de medida e a provincia de xestión

Recolleranse os datos indicados no apartado anterior pero referidos ás provincias de xestión en vez de aos xulgados.

6.1.12 Medidas de medio aberto notificadas, segundo o tipo de medida, carácter e o xulgado de procedencia

Recollerá o número de medidas de medio aberto notificadas segundo o xulgado de procedencia (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e outros) desagregadas segundo o tipo de medida e a súa natureza, Xunto cos totais de medidas de medio aberto de cada xulgado indicarase a porcentaxe que esa cantidade supón en relación co total de xulgados.

6.1.13 Medidas de medio aberto notificadas, segundo o tipo de medida e a provincia de xestión

Recolleranse os datos indicados no apartado anterior pero referidos ás provincias de xestión en vez de aos xulgados.

6.1.14 Medidas notificadas en función da tipoloxía do delitos dos que derivan as medidas

Para cada unha das tipoloxías de delitos establecidos no Código Penal, recollerase o número de delitos desa categoría cometidos e o número de medidas notificadas que deles se derivaron.

## 6.2 Medidas en execución e persoas menores que as estiveron executando.

### 6.2.1 Medidas en execución segundo a provincia de xestión

### 6.2.2 Persoas menores que estiveron executando medidas segundo a provincia de xestión e sexo

Unha persoa menor pode executar en máis dunha provincia.

### 6.2.3 Medidas en execución segundo a provincia de xestión e segundo sexan de internamento ou de medio aberto

### 6.2.4 Cadro comparativo das medidas en execución durante os últimos cinco anos

Indicarase o número medidas en execución, durante os últimos cinco anos. As medidas cóntanse en todos os anos nos que se estiveran executando

### 6.2.5 Cadro comparativo de persoas menores que executaron medidas durante os últimos cinco anos, segundo sexo

Indicarase para cada un dos últimos cinco anos o número de persoas menores que executaron medidas. Os datos irán desagregados, para cada ano, por sexo. Tamén se recollerán os totais anuais. Ao igual que as medidas, as persoas cóntanse en todos os anos nos que estiveran executando as medidas.

### 6.2.6 Cadro comparativo das medidas en execución durante os últimos cinco anos desagregadas por medidas de internamento e medidas de medio aberto

Indicarase o número medidas en execución segundo o tipo (internamento ou medio aberto), durante os últimos cinco anos. Indicaranse tamén os totais anuais.

### 6.2.7 Porcentaxes de incremento ou decaemento das medidas en execución durante os últimos cinco anos así como das persoas menores que as executaron

Indicarase o incremento ou o decaemento que se produciu cada ano nas medidas en execución con respecto ao ano anterior, expresado en número e en porcentaxes. Tamén se recollerá para cada ano o incremento/decaemento dos menores que as executaron.

### 6.2.8 Cadro comparativo das medidas notificadas fronte as en execución durante os últimos cinco anos

### 6.2.9 Medidas de internamento en execución segundo a provincia de xestión, tipo de medida e carácter

Recollerá o número de medidas de internamento desagregadas ao mesmo tempo por tipo de medida (e agrupadas en dous bloques/táboas: medidas cautelares e medidas firmes) e por provincia de xestión (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra). Xunto co total de medidas en execución en cada provincia indicarase a porcentaxe que representan en relación co total das en execución en Galicia.

6.2.10 Persoas menores que estiveron executando medidas de internamento segundo a provincia de xestión e o sexo

Indicarase o número de persoas menores que executaron medidas de internamento segundo a provincia de xestión (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra) e desagregadas por sexo. Tamén se indicarán os totais (de menores, de menores segundo sexo, e de menores segundo provincia de xestión).

Unha persoa menor pode executar en máis dunha provincia.

6.2.11 Cadro comparativo de persoas menores que executaron medidas de internamento durante os últimos cinco anos, segundo sexo.

6.2.12 Distribución das medidas de internamento en execución segundo a súa duración

Recollerase o número de medidas internamento cautelares e firmes así como o de medidas de permanencia de fin de semana en centro en execución no ano obxecto de estudo, segundo a súa duración.

6.2.13 Recursos para a execución das medidas de internamento

Indicaranse o número total de centros e de prazas.

6.2.14 Ocupación mensual dos centros de internamento

Indicarase a ocupación no conxunto dos recursos de internamento en cada un dos meses do ano referida ao último día do mes

6.2.15 Cadro comparativo da ocupación mensual dos dous últimos anos

6.2.16 Fugas e non retornos

Indicarase o número total de fugas, o total de non retornos e o total de fugas+non retornos producidos durante o ano, no conxunto dos recursos destinados a execución de medidas de internamento.

6.2.17 Cadro comparativo das fugas e non retornos producidas nos últimos cinco anos,

Recollerase o número de fugas e o número de non retornos que se teñen producido en cada un dos cinco últimos anos.

6.2.18 Número de faltas cometidas

Indicarase o número de faltas moi graves, graves e leves recollidas nos expedientes disciplinarios incoados aos menores, no conxunto de todos os centros de internamento, durante o ano ao que se refire a estatística.

6.2.19 Cadro comparativo das faltas cometidas nos últimos cinco anos, segundo a súa tipoloxía (moi graves, graves, leves), desagregadas

6.2.20 Medidas de medio aberto en execución segundo a provincia de xestión, tipo de medida e carácter

Recollerá o número de medidas de medio aberto desagregadas ao mesmo tempo por tipo de medida (e agrupadas en dous bloques/táboas: medidas cautelares e medidas firmes) e por provincia de xestión (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra). Xunto co total de medidas en execución en cada provincia indicarase a porcentaxe que representan en relación co total das execución en Galicia.

6.2.21 Persoas menores que estiveron executando medidas de medio aberto segundo a provincia de xestión e sexo

Unha persoa menor pode executar en máis dunha provincia.

6.2.22 Cadro comparativo de persoas menores que executaron medidas de medio aberto durante os últimos cinco anos, segundo sexo

6.2.23 Distribución das medidas de medio aberto en execución por tipo, natureza e duración da medida

Recóllese as medidas de medio aberto cautelares, as medidas de permanencia de fin de semana en domicilio, PBC, tarefas socioeducativas e o resto das medidas de medio aberto en execución no ano obxecto de estudo segundo a súa duración.

6.2.24 Recursos para a execución das medidas de medio aberto

Indicaranse o número total de recursos existentes para a execución deste tipo de medidas, o número de entidades privadas e públicas que colaboran na execución das medidas de PBC e o número de concellos que colaboran por provincias.

## 6.3 Medidas pendentes de execución

6.3.1 Medidas pendentes de execución segundo a provincia de xestión

Recollerá o número de medidas pendentes de execución desagregadas segundo foran notificadas no ano obxecto deste estudo ou en anos anteriores. Os datos amosaranse agrupados por provincia de xestión (Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra), indicando tanto os totais correspondentes a cada provincia como os totais de pendentes das notificadas no ano do estudo e os totais de pendentes das notificadas noutros anos.

6.3.2 Cadro comparativo das medidas pendentes durante os últimos cinco anos

6.3.3 Medidas de internamento pendentes segundo a provincia de xestión, ano e o tipo de medida.

Recollerá, para cada tipo de medida de internamento, o número de medidas pendentes. Este dato estará desagregado por pendentes das recibidas no ano obxecto de estudo e pendentes

dos anos anteriores.

6.3.4 Cadro comparativo das medidas de internamento pendentes de execución durante os últimos cinco anos

6.3.5 Medidas de medio aberto pendentes segundo a provincia de xestión, ano e o tipo de medida.

Recollerá, para cada tipo de medida de medio aberto, o número de medidas pendentes. Este dato estará desagregado por pendentes das recibidas no ano obxecto de estudo e pendentes dos anos anteriores.

6.3.6 Cadro comparativo das medidas de medio aberto pendentes de execución durante os últimos cinco anos

**6.4 Persoas menores que estiveron executando medidas.**

6.4.1 Persoas menores segundo a idade no momento da comisión do delito, provincia de xestión da medida e sexo

Indicarase, desagregado por sexos, o número de persoas que estiveron executando medidas por delitos cometidos con: 14 anos, 15 anos, 16 anos, e 17 anos.

A suma dos menores contabilizados pola idade no momento da comisión do delito non ten porque coincidir co total de menores que estiveron executando medidas no ano, posto que un mesmo menor pode cumprir varias medidas no ano por infraccións cometidas en diferentes datas.

6.4.2 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas nos últimos cinco anos segundo a idade no momento da comisión do delito, con desagregación por sexo

Indicarase o número de menores que executaron medidas nos últimos 5 anos segundo a idade no momento da comisión do delito e desagregados nos seguintes grupos: 14-15 anos e 16-17 anos e desagregados por sexo.

A suma dos menores, tendo en conta a idade no momento da comisión do delito non ten porque coincidir co total de menores que estiveron executando medidas no ano, posto que un mesmo menor pode cumprir varias medidas no ano por infraccións cometidas en diferentes datas.

6.4.3 Persoas menores segundo a idade no momento no que se iniciou a execución da medida e segundo sexo

Indicarase o número de persoas que executaron medidas durante o ano obxecto do estudo agrupados segundo a idade que tiñan no momento que se iniciou a execución. En concreto os ditos datos serán desagregados por sexos nos seguintes intervalos: 14-15 anos, 16-17 anos, 18 ou máis anos. Se unha mesma persoa menor executou dúas medidas no ano con diferente idade ao seu inicio contarase dúas veces.

### 6.4.4 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas nos últimos cinco anos segundo a idade no momento do inicio da execución da medida, con desagregación por sexo

A suma dos menores contabilizados pola idade ao inicio da execución das medidas non ten porque coincidir co total de menores que estiveron executando medidas no ano, posto que un mesmo menor puido executar varias medidas no ano contando con diferentes idades ao inicio delas.

### 6.4.5 Persoas menores segundo sexo e nacionalidade

Recollerase, desagregado por sexo, o número de menores que executaron medidas durante o ano en estudo segundo sexan españois ou estranxeiros.

En relación cos estranxeiros indicarase, coa mesma desagregación por sexo, cantos teñen nacionalidade de países da Unión Europea, cantos de Latinoamérica e cantos doutros países (sen desagregar).

### 6.4.6 Cadro comparativo dos menores que executaron medidas durante os últimos cinco anos, segundo nacionalidade

Indicarase por cada un dos últimos 5 anos o número dos menores segundo nacionalidade: España, outros países de Unión Europea, Latinoamérica e outros países.

### 6.4.7 Persoas menores segundo sexo e xulgado de procedencia

Recollerase o número de menores que executaron medidas durante o ano en estudo segundo o xulgado de procedencia sexa de Galicia ou de fóra de Galicia, desagregados por sexo.

Deberá terse en conta que a suma de menores por xulgado de procedencia non ten porque coincidir coa suma dos menores que executaron medidas xa que pode darse o caso que un mesmo menor executase medidas procedentes de distintos xulgados.

# Anexo I

| *DELITOS* |
|---|
| ***1 – Homicidios e as súas formas*** |
| **Homicidio art. 138** |
| **Asasinato art. 139** |
| **Homicidio imprudente art.142** |
| **Indución e cooperación ao suicidio art. 143** |
| **Homicidio e as súas formas** |
| ***2 –Do aborto*** |
| **Aborto doloso art.144-145bis** |
| **Aborto imprudente art.146** |
| **Do aborto** |
| ***3 - Das lesións*** |
| **Lesións art. 147 - 151** |
| **Maltrato de obra art.147,3** |
| **Lesións por imprudencia grave art. 152.1** |
| **Lesións por imprudencia menos grave art. 152.2** |
| **Malos tratos – art. 153** |
| **Violencia de xénero ar.153.1** |
| **Violencia doméstica art.153.2** |
| **Participación en rifa tumultuaria art.154** |
| **Das lesións** |
| ***4 – Contra liberdade*** |
| **Detención ilegal e secuestro art.163-166** |
| **Ameazas art.169-171** |
| **Coaccións art.172** |
| **Coaccións ao matrimonio art.172bis** |
| **Acoso art.172ter** |
| **Contra a liberdade** |
| ***5. Contra a integridade moral*** |
| **Trato degradante art.173.1** |
| **Violencia de xénero e doméstica física ou psíquica habitual art.173.2** |

| |
|---|
| **Violencia de xénero doméstica, inxuria de ou vexación inxusta de carácter leve art.173.4** |
| **Contra a integridade moral** |
| ***6. Contra a liberdade e indemnidades sexuais*** |
| **Agresión sexual art.178 e 180** |
| **Violación art.179 e 180** |
| **Abusos sexuais art.181-182** |
| **Abusos e agresións sexuais a menores de dezaseis anos art.183-183ter** |
| **Acoso sexual art.184** |
| **Exhibicionismo art.185** |
| **Provocación sexual a menores e persoas con discapacidade art.188** |
| **Explotación sexual de adultos art.187** |
| **Explotación sexual de menores e persoas con discapacidade art.188** |
| **Pornografía infantil ou que afecte a persoas con discapacidade art.189** |
| **Contra a liberdade e indemnidade sexuais** |
| ***7 – Da omisión da obriga de socorro*** |
| **Omisión da obriga de socorro art.195** |
| ***8 – Contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e á inviolabilidade do domicilio*** |
| **Descubrimento e revelación de segredos art.197-197quater** |
| **Violación de morada art.202** |
| **Violación de domicilio de persoas xurídicas art.203** |
| **Contra a intimidade, o dereito á propia imaxe e á inviolabilidade do domicilio** |
| ***9. Contra a honra*** |
| **Calumnia art.205** |
| **Inxuria art.208** |
| **Contra a honra** |
| ***10 – Contra as relacións familiares*** |
| **Matrimonio ilegal art.217 e 218** |
| **Suposición de parto, alteración da paternidade, estado ou condición do menor art.220.1** |
| **Quebrantamento dos deberes de custodia dos menores ou persoas de discapacidade art.223** |
| **Indución de menores ou persoas con discapacidade ao abandono do domicilio art.224** |
| **Subtracción de menores art.225bis** |
| **Abandono de familia, menores ou persoas con discapacidade necesitadas de especial protección art.226-233** |

| |
|---|
| **Contra as relacións familiares** |
| ***11 – Contra o patrimonio e a orde socioeconómica*** |
| **Furto art.234-236** |
| **Roubo con forza nas cousas art.237-240** |
| **Roubo cometido en casa habitada, edificio ou local abertos ao público art.241** |
| **Roubo con violencia ou intimidación nas persoas art.237 e 242** |
| **Extorsión art.243** |
| **Roubo e furto de uso de vehículos art.244** |
| **Usurpación art.245-247** |
| **Estafa art.248-251** |
| **Apropiación indebida art.253-254** |
| **Defraudación de fluído eléctrico e análogas art.255-256** |
| **Frustración da execución art.257-258bis** |
| **Danos art.263-266** |
| **Danos imprudentes art.267** |
| **Contra o patrimonio e a orde socioeconómica** |
| ***12 – Delitos relativos á propiedade intelectual e industrial, ao mercado y aos consumidores*** |
| **Contra a propiedade intelectual art. 270 - 272** |
| **Contra a propiedade industrial art.273-277** |
| ***13 – Delito da receptación e o branqueo de capitais*** |
| **Receptación art.298** |
| ***14 – Delitos contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros*** |
| **Contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros art.318bis** |
| ***15 – Delitos relativos á protección do patrimonio histórico, medio ambiente, flora, fauna e animais domésticos*** |
| **Delitos sobre o patrimonio histórico art.323-324** |
| **Delitos contra os recursos naturais e o medio ambiente art.325-331** |
| **Delitos relativos á protección da fauna, flora e animais domésticos art.332 a 337bis** |
| ***16 – Delitos contra a seguridade colectiva*** |
| **Estragos art.346 e 347** |
| **Incendios art.351** |
| **Incendios forestais art.352-355** |
| **Incendios en zonas non forestais art.356** |
| **Incendios en bens propios art.357** |
| **Contra a seguridade colectiva** |

| |
|---|
| *17 – Delitos contra a saúde pública* |
| **Cultivo, elaboración ou tráfico de drogas art.368 a 377** |
| **Contra a saúde pública** |
| *18 – Delitos contra a seguridade viaria* |
| **Condución a velocidade excesiva e baixo a influencia de drogas ou bebidas alcohólicas art.379** |
| **Condución temeraria art.380-382** |
| **Negativa a someterse a probas de alcoholemia e detección de drogas art.383** |
| **Condución de vehículo a motor o ciclomotor sen licenza o permiso art.384** |
| **Orixinar grave risco para a circulación art.385** |
| **Contra a seguridade viaria** |
| *19 - Das falsidades* |
| **Falsificación de moeda (tenencia, recepción ou obtención) art.386** |
| **Falsificación de selos ou efectos timbrados art.389** |
| **Falsidade en documentos públicos art.392** |
| **Utilización de documento público falso art.393** |
| **Falsidade en documentos privados art.395** |
| **Falsificación de tarxetas de crédito e débito e cheques de viaxe art.399bis** |
| **Das falsidades** |
| *20 - Delitos contra a Administración de Xustiza* |
| **Encubrimento art.451** |
| **Realización arbitraria do propio dereito art.455** |
| **Acusación e denuncia falsas art.456** |
| **Simulación de delitos art.457** |
| **Falsa testemuña art.458-460** |
| **Obstrución á xustiza art.463-464** |
| **Quebrantamento de condena art.468** |
| **Fuga do lugar de reclusión art.469** |
| **Axuda á evasión de condenado ou privado de liberdade art.470** |
| **Contra a Administración de Xustiza** |
| *21 - Delitos relativos ao exercicio de dereitos fundamentais e liberdades públicas* |
| **Provocación á discriminación, oído ou violencia contra grupos art.510** |

| |
|---|
| **Reunión ou manifestación ilícita art.515** |
| **Pertenza a asociación ilícita art.515** |
| **Delitos contra a liberdade de conciencia, sentimentos relixiosos e respecto aos defuntos art.522-526** |
| **Ultraxe aos símbolos e emblemas do estado art.543** |
| **Contra o exercicio dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas** |
| ***22. Delitos contra a orde pública*** |
| **Atentado contra a autoridade, os seus axentes e funcionarios públicos e contra funcionarios docentes, sanitarios e outros art.550** |
| **Resistencia e desobediencia graves art.556** |
| **Desordes públicos art.557-561** |
| **Tenencia, tráfico e depósito de armas, municións ou explosivos art.563-568** |
| **Organización criminal art.550bis y ter** |
| **Organizacións e grupos terroristas art.571-572** |
| **Terrorismos art.573-579bis** |
| **Contra a orde pública** |

# Anexo II

## Aplicación informática “Menor”

Primeira pantalla, unha vez que se accede (dado que é unha aplicación que tamén se usa para a xestión das medidas de protección, ten pestanas que fan referencia a esas competencias).



Pantallas para comprobación se a persoa menor xa está dada de alta no sistema.






Páxina de datos persoais



Pantalla para consultar a existencia ou non de expedientes xudiciais anteriores



Pantalla na que se recollen os datos do expediente de execución



Pantalla que recolle a información das características das medidas.



Pestana na que se recollen os centros/ equipos onde se leva a cabo a execución de cada medida.



Pestana relativa as distintas incidencias da execución das medidas.



Pestana de recollida de datos dos expedientes disciplinarios.



**Procedemento de xestión da información**

Unha vez recibida a sentenza ou o auto introduciranse no sistema “Menor” os datos relativos á persoa menor e á/s medida/s que lle foron impostas polo xulgado de menores.

O programa permite buscar ao menor a partir de apelidos, nome ou DNI (no caso de telo), ..., para comprobar se está no sistema. Se non temos á persoa menor rexistrada habería que introducir os datos da mesma.

Unha vez rexistrado/a a/o menor, introduciranse os datos persoais e familiares dos que se dispoña (datos relativos ao nacemento, sexo, nacionalidade, nome, dirección e teléfono dos pais ou representantes legais, ...). O sistema esixe de maneira obrigatoria a data de nacemento. Aqueles datos que se descoñezan no momento en que se recibe a sentenza/auto serán introducidos con posterioridade.

A continuación, introdúcense os datos relativos as medidas impostas na sentenza/auto (tipo de delito, tipo de medida, duración, data de comisión do delito, idade no momento da comisión (calcúlaa o sistema), data de alta no sistema (xérase automaticamente), estado da execución (pendente, executándose, ...), xulgado competente, nº de expediente, nº de peza de execución, nº de expediente de Fiscalía e data da sentenza/auto.

De ser necesario procédese á designación dun centro de internamento e fanse, na pestana correspondente, da aplicación “Menor”, todas as anotacións que se consideren oportunas.

De seguido, faise acuse ao xulgado e remítese, de ser o caso, a designación de centro. Tamén se remite a citada designación e o expediente a Xefatura Territorial que teña encomendada a xestión e ao centro de internamento.

Logo dos trámites legalmente establecidos levarase a cabo a execución da medida, incorporándose a aplicación informática todas as anotacións necesarias: cambios de estado da medida, data de inicio, data de ingreso en centro (de selo caso), incidencias (incumprimentos, fugas, modificacións de medida, traslados a outra comunidade autónoma, ...).

Unha vez que o Xulgado considera finalizadas as medidas incluídas na peza de execución (ben por que rematou o cumprimento, porque foi deixada sen efecto, ou por calquera outro dos motivos legalmente establecidos) o xulgado competente acorda o arquivo da citada peza.